

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO CURSO 2019/20 CEP SABARIS CURSO 3º PRIMARIA

Data: 8/5/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe

2-Criterios avaliación

3- Avaliación e cualificación

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

5. Información ao alumnado e as familias.

LINGUA CASTELÁ

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

- Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, extraendo o sentido global da mensaxe.
- Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente.
- Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes
- Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) .
- Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas.
- Le textos sinxelos en voz alta sen moita dificultade.
- Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen moita dificultade.
- Elabora o texto, con coherencia xeral .
- Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, exclamación e interrogación).
- Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.
- Sinala a denominación dos textos simples traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas.
- Identifica nun texto substantivos e adxectivos.
- Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo.
- Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición e causa.
- Usa o dicionario en papel ou dixital de xeito guiado.

- Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).
- Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
- Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións.
 - Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.
- Comprende a información relevante de textos sinxelos propios de situacións cotiás.
- Valora a necesidade de planificar o texto e revisalo ao final.
 - Elabora, en diferentes soportes, diferentes tipos de textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos ou seguindo un guión

- Le en silencio e en voz alta obras e textos en castelán da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes
- Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos e curtos para comunicar información.
- É quen de identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.
- Escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos)
- Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics
 - Coida a presentación dos textos: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica.
- Participa en actividades literarias do centro.

- Participa no traballo en grupo
- Atende as intervencións dos e das demais.
- Respecta as opinións da persoa que fala.
- Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
- Respecta as opinións das persoas nos intercambios orais.
- Amosa respecto ás ideas e achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.

2-Criterios avaliación

1. Participar en situacións comunicativas de aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións. Usar fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda.
2. Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante.
3. Coñecer e reproducir textos de literatura oral.
4. Identificar o sentido global dun texto
5. Producir e reescribir textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización (coidando as normas ortográficas elementais e os aspectos básicos da organización textual) e revisión de escritos. Iniciar o uso do procesador de texto para composicións sinxelas.
6. Ler textos diversos dos traballados e creados na aula, con decodificación e entoación axeitada, coa finalidade de gozar e/ou aprender coa escoita lectora.
7. Amosar iniciativa e interese pola lectura.
8. Identificar mudanzas que se producen nas palabras, enunciados e textos facendo substitucións, supresións, cambios de orde e observar as modificacións que se poden dar na comprensión e na expresión escrita.
9. Identificar intuitivamente texto, enunciado, palabra, substantivo e adxectivo en actividades relacionadas coa produción e comprensión de textos.

CIENCIAS DA NATUREZA

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

- Coñece a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.
- Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.
- Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.
- Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.
- Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola.
- Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno.
- Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas con criterio científico.
- Coñece de maneira sinxela as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.
- Utiliza claves e guías sinxelas para a clasificación de animais e plantas.
- Identifica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotiá.
- Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.
- Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.
- Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.
- Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.
- Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
- Establece conxecturas de sucesos ou problemas sinxelos do seu contorno mediante a observación obtén unha información.
- Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

2-Criterios avaliación

1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.
2. Identificar e describir algúns recursos fundamentais para os seres vivos (auga, aire), e a súa relación coa vida das persoas, tomando conciencia da necesidade do seu uso responsable.
3. Recoñecer e clasificar con criterios elementais os seres vivos máis relevantes da contorna do alumnado, utilizando instrumentos e procedementos adecuados.
4. Valorar positivamente a práctica de determinados hábitos asociados á hixiene, á alimentación equilibrada, ao exercicio físico e ao descanso.
5. Identificar e observar diferenzas na composición dos materiais, experimentando e usando instrumentos sinxelos.
6. Identificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describindo o seu funcionamento e o xeito de utilizalos con seguridade.
7. Realizar de maneira guiada experimentos sinxelos relacionados co medio familiar e próximo.
8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para obter información

CIENCIAS SOCIAIS

1-Estándares de aprendizaxe

- Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
- Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.
- Identifica, nomea e describe as capas da Terra.
- Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.
- Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna.
- Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas .
- Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.
- Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas característica principais
- Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas
- Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción .
- Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais.
- Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.
- Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe
- Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable
- Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo.
- Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo
- Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos económicos da contorna.

- Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica fundamental.
- Describe algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa.
- Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica.
- Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.
- Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.

2-Criterios de avaliación

- 1.Explicar como é e de que forma se orixinou o universo e os seus principais compoñentes.
- 2.Situar o planeta Terra no Sistema Solar , así como coñecer os nomes do resto dos planetas que o compoñen.
- 3.Explicar os movementos da Terra e as súas consecuencias, asociando as estacións do ano aos devanditos movementos e á inclinación da Terra
- 4.Nomear e identificar as capas que forman a Terra,describindo algunhas das súas características
- 5.Identificar e recoñecer os puntos cardinais, desenvolver hábitos de orientación e nocións espaciais básicas
- 6.Identificar e explicar os estados nos que se atopa a auga na natureza e os seus cambios de estado
- 7.Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen, describindo as súas características
- 8.Recoñecer as características e trazos propios dos distintos grupos sociais, respectando e valorando as súas diferenzas
- 9.Explicar as diferenzas entre materias primas e os produtos elaborados
- 10.Adquirir o concepto de historia, coñecer as idades e identificar as fontes históricas
- 11.Identificar as unidades de medida do tempo histórico (ano, década, século...)
- 12-Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para obter información

MATEMÁTICAS

1-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

- Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
- Aproxima números á decena, centena e millar.
- Realiza correctamente series sinxelas, tanto ascendentes coma descendentes.
- Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000.
- Descompón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

- Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.
- Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.
- Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
- Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.

- Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.
- Analiza e comprende o enunciado dos problemas simples (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
- Identifica as unidades de medida básicas: Km, m,l, kg,g.
- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.
- Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.

- Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.
- Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida máis usuais.
- Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións(día, mes, ano)
- Resolve problemas de medida, utilizando estratexias de razoamento.
- Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.

- Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o vocabulario xeométrico axeitado: indica una dirección, explica un percorrido, oriéntase no espazo.
- Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.
- Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.

- Identifica tipos de rectas e ángulos.
- Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice).
- Distingue os poliedros básicos.
- Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos.
- Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...).

2-Criterios de avaliación

1. Resolver problemas sinxelos en que se precise contar, ler, ordenar e escribir números ata o 10.000.
2. Redondear números naturais ás decenas,centenas e millares
3. Resolver problemas relativos á vida cotiá en que sexa pertinente aplicar operacións de suma , resta , multiplicación e división por unha cifra empregando os algoritmos básicos correspondentes ou outros procedementos de resolución e explicando oralmente o proceso seguido.
4. Utilizar procedementos diversos e estratexias persoais para realizar, en situacións cotiás e funcionais, cálculos numéricos básicos coas operacións de suma , resta , multiplicación e inicio á división.
5. Aplicar a multiplicación a contextos cotiáns en que a operación signifique suma de sumandos repetidos.
6. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes
7. Coñecer as unidades de medida de tempo maiores e menores có día e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas sinxelos da vida cotiá,.
8. Utilizar as unidades de medida de lonxitude, masa e capacidade básicas.
9. Utilizar o coñecemento dos poliedros, prismas e pirámides
10. Coñecer as características dos corpos redondos: cono . cilindro e esfera
11. Resolver e formular problemas en que interveña a lectura de gráficas e táboas sinxelas, interpretándoas a nivel básico.

3-Avaliación e cualificación

-Procedementos:

Debido as circunstancias extraordinarias que estamos a sufrir co confinamento , a avaliación basarase na observación continua dos traballos recibidos periodicamente do alumnado , a súa corrección e reenvío polas vías dispoñibles.

-Cualificación:

Como a avaliación debe ser continúa , pártese da nota da 2ªavaliación e incrementarase esta nun 20% se a valoración no terceiro trimestre fose positiva.

4.-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">• Actividades do libro de texto.• Fotocopias de apoio, reforzo e repaso e ampliación.• Actividades on line de páxinas web e aplicacións gratuítas.• Vídeos educativos de internet.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O alumnado de 3º de Primaria está en continuo contacto coa titora por correo electrónico xa que a maioría das familias viven nunha zona rural , e a súa conexión determina a forma de traballo e o posible contacto. Por este medio se lle envían as tarefas cada semana con a programación diaria. Reenvían (algúns diariamente outros semanalmente) os traballos realizados para ser correxidos, comunicándolles posteriormente por correo ou vía telefónica as incidencias detectadas.</p> <p>O centro prestou a cinco familias de 3º portátiles para poder realizar as tarefas.</p> <p>Outras cinco familias solicitaron que , por ter dificultades para traballar on line, se lles dera as actividades en papel; cada semana recollen as fichas no centro e entregan as realizadas, para ser correxidas.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">• Libro de texto• Cuadernillos de reforzo e ampliación• Cuadernillos e fichas adaptados a alumnos con necesidades de aprendizaxe.• Fichas, actividades , vídeos, xogos ...extraídos de distintas páxinas web.

4- Información ao alumnado e ás familias

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	- Correo electrónico. - Abalar
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.